

ACTA DA 3ª SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA O DÍA 17 DE AGOSTO DE 2018 DA CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, PARA O SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NA ZONA DEPORTIVA” (Incluída no Plan de Obras e Servizos-Plan Concellos 2017-Liña 1)

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial do Concello da Estrada, sendo as 10:25 horas, do día 17 de agosto de 2018, reúnense os integrantes da Mesa de Contratación (convocada para as 10:00 h) , que a continuación se relacionan, para proceder á valoración da xustificación por parte das empresas cuxas ofertas económicas considéranse anormal ou desproporcionada, valoración das ofertas finalmente admitidas e, finalmente, formular proposta de adxudicación do contrato do subministro e instalación de “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NA ZONA DEPORTIVA”:

PRESIDENTE:

- O Sr. Alcalde en funcións D. Juan Constenla Carbón

VOGAIS:

- Dona María Jesusa Fernández Bascuas Secretaria acctal., Municipal
- Dona Rosa M.ª Méndez Aragunde, Interventora acctal., Municipal.
- D.Daniel Órrea Corral, Arquitecto Técnico Municipal
- Dona Belén Louzao Vieites, voceira do grupo político municipal do PSdeG-PSOE.
- (Non asisten os representares dos grupos políticos de Móvete e BNG)

SECRETARIA DA MESA:

- Dna. Gisela Rey Baltar, Auxiliar Administrativo adscrita ao Departamento de Secretaría.

Polo Presidente, indícase aos compoñentes da Mesa que, de conformidade co acordado na reunión celebrada o día 5 de xullo de 2018, na que se procedeu á apertura do sobre B (oferta económica) e unha vez feitos os cálculos pertinentes, detectouse que as ofertas presentadas polas empresas, GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL S.L., CONSECYR S.L., TÉCNICAS EDIFICATIVAS INNOVADORAS, SL. e MICROLED LA MANCHA, S.L., estaban incursas en baixa anormal ou desproporcionada ao ser a súa contía inferior en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas admitidas, polo tanto, e ao abeiro do establecido na cláusula 10 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, requírúselles para que no prazo de cinco días naturais, a contar dende a notificación do requirimento, xustificasen as súas ofertas e precisasen as condicións das mesmas.

Durante o prazo concedido ao efecto, as empresas GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL S.L. e CONSECYR S.L., non presentaron a indicada xustificación, polo que, de conformidade co PCAP, a Mesa acorda por unanimidade excluír ás citadas empresas desta licitación.

As empresas TÉCNICAS EDIFICATIVAS INNOVADORAS, S.L. e MICROLED LA MANCHA, S.L. xustificaron a mesma no prazo previsto.

Polo Arquitecto Técnico municipal, D. Daniel Órrea Corral, emitíronse os respectivos informes en data 31 xullo de 2018 dos que se procede a dar lectura neste intre e que conteñen as valoracións e conclusións que a continuación se transcriben:

1.- Informe en relación á empresa Técnicas Edificativas Innovadoras S.L. (TEISA):

“PRIMEIRO.

A documentación aportada por TEISA consiste nunha memoria explicativa da oferta presentada.

TERCEIRO.

O punto 10 do Prego de Cláusulas Administrativas, en concordancia co Art. 152 do TRLCSP, no seu punto 3º, recolle que, identificada unha proposición que poida ser considerada desproporcionada ou anormal, deberá dársele audiencia ó licitador para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar no que se levará a cabo a prestación, ou a posible obtención dunha axuda do estado.

Por outra banda, o art. 85 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, sinala no seu punto 4 que, "cando concorran catro ou máis licitadores, as ofertas que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das presentadas consideraranse desproporcionadas, non obstante, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederase ó cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres de menor cuantía.

CUARTO.

A oferta presentada por TEISA acada o valor de 51654,90 €, polo que incorre en baixa anormal ou temeraria en virtude do recollido no punto 10 dos pregos.

A xustificación aportada en defensa de dito valor contén unha descomposición de prezos da que se deduce un prezo de adquisición das luminarias moi competitivo, atopándose os valores da man de obra e os correspondentes rendementos en valores normais.

CONCLUSIÓNS:

Tendo en conta que en aplicación do punto 4 do art. 85 do RD 1098/2001, o valor de 10 puntos porcentuais por debaixo da medida das ofertas presentadas, desprezando para dito cálculo as ofertas superiores en 10 puntos porcentuais á media aritmética, sería de 50.345,77€, e que o valor da oferta presentada por TEISA supera dito valor, e tendo en conta tamén que o licitador xustifica a oferta presentada acompañando os correspondentes cadros de prezos, considérase xustificada dita oferta."

2.- Informe en relación á Empresa MICROLED LA MANCHA, S.L.:

"PRIMEIRO.

A documentación aportada por MICROLED LA MANCHA S.L. consiste nunha memoria explicativa da oferta presentada.

TERCEIRO.

O punto 10 do Prego de Cláusulas Administrativas, en concordancia co Art. 152 do TRLCSP, no seu punto 3º, recolle que, identificada unha proposición que poida ser considerada desproporcionada ou anormal, deberá dársele audiencia ó licitador para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar no que se levará a cabo a prestación, ou a posible obtención dunha axuda do estado.

Por outra banda, o art. 85 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, sinala no seu punto 4 que, "cando concorran catro ou máis licitadores, as ofertas que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das presentadas consideraranse desproporcionadas, non obstante, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederase ó cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres de menor cuantía.

CUARTO.

A oferta presentada por MICROLED LA MANCHA S.L. acada o valor de 50.674,34 €, polo que incorre en baixa anormal ou temeraria en virtude do recollido no punto 10 dos pregos.

A xustificación aportada en defensa de dito valor contén unha descomposición de prezos da que se deduce un prezo de adquisición das luminarias moi competitivo, atopándose os prezos da instalación en valores normais.

CONCLUSIÓNS:

Tendo en conta que en aplicación do punto 4 do art. 85 do RD 1098/2001, o valor de 10 puntos porcentuais por debaixo da medida das ofertas presentadas, desprezando para dito cálculo as ofertas superiores en 10 puntos porcentuais á media aritmética, sería de 50.345,77€, e que o valor da oferta presentada por MICROLED LA MANCHA S.L. supera dito valor, e tendo en conta tamén que o licitador xustifica a oferta presentada acompañando os correspondentes cadros de prezos, considérase xustificada dita oferta."

A Mesa está conforme cos informes emitidos polo Arquitecto Técnico municipal e, ao abeiro do disposto no PCAP e artigo 85 do RD 1098/2001, acorda, por unanimidade, considerar xustificadas as ofertas presentadas polas empresas Técnicas Edificativas Innovadoras, S.L. e Microled La Mancha, S.L.

De seguido procédese a calcular a puntuación obtida polos licitadores, polo que respecta ao sobre B, co seguinte resultado:

ENERFREE S.L.

Oferta económica /puntos	Aumento prazo de garantía/puntos	Total puntos
60.679,80 € / 58,46	8 anos / 24,00	82,46

-HALMAN ENERGIE S.L.

Oferta económica /puntos	Aumento prazo de garantía/puntos	Total puntos
65.333,95 € / 54,29	8 anos / 24,00	78,29

-MICRO LED LA MANCHA S.L.

Oferta económica /puntos	Aumento prazo de garantía/puntos	Total puntos
50.674,34 € / 70,00	10 anos / 30,00	100,00

-RICARSAT S.L.

Oferta económica /puntos	Aumento prazo de garantía/puntos	Total puntos
54.711,11 € / 64,84	42 meses / 10,50	75,34

-INSTALACIONES ELÉCTRICAS TERCA S.L.

Oferta económica /puntos	Aumento prazo de garantía/puntos	Total puntos
62.503,76 € / 56,75	8 anos / 24,00	80,75

-JAVI LUZ ELECTRICIDAD S.L.

Oferta económica /puntos	Aumento prazo de garantía/puntos	Total puntos
60.115,22 € / 59,01	3 anos / 9,00	68,01

-S3 SYSTEMS & SOLUTIÓNS S.L.

Oferta económica /puntos	Aumento prazo de garantía/puntos	Total puntos
55.539,00 € / 63,87	4 anos / 12,00	75,87

-FERROVIAL SERVICIOS S.A.

Oferta económica /puntos	Aumento prazo de garantía/puntos	Total puntos
65.075,05 € / 54,51	3 anos / 9,00	63,51

-FORMATESA LALÍN S.L.

Oferta económica /puntos	Aumento prazo de garantía/puntos	Total puntos
60.256,79 € / 58,87	37 meses / 9,24	68,11

-TÉCNICAS ENERXÉTICAS INTEGRALES GALICIA S.L.

Oferta económica /puntos	Aumento prazo de garantía/puntos	Total puntos
60.717,80 € / 58,42	8 anos / 24,00	82,42

-TÉCNICAS EDIFICATIVAS INNOVADORAS S.L. (TEISA)

Oferta económica /puntos	Aumento prazo de garantía/puntos	Total puntos
51.654,90 € / 68,67	8 anos / 24,00	92,67

-ELVAN INSTALACIONES S.L.

Oferta económica /puntos	Aumento prazo de garantía/puntos	Total puntos
65.224,41 € / 54,38	3 anos / 9,00	63,38

En consecuencia co anterior, e coas previsións do pregos, a Mesa de contratación realiza ao órgano de contratación a súa correspondente Proposta de adxudicación a favor da empresa **MICRO LED LA MANCHA S.L.** por ser a que obtivo a maior puntuación (100 puntos). Non obstante, previamente á adxudicación definitiva, o licitador, no prazo máis breve posible, e non máis alá de 10 días hábiles, deberá aportar:

a) A documentación acreditativa de cumprimento dos requisitos previos, de conformidade co art. 146.4 do TRLCSP (modificado pola Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores), deberá de presentar toda a documentación relacionada na Cláusula 7 e que declarou posuír mediante a declaración responsable presentada no sobre A.

b) Xustificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias e para coa Seguridade Social.

c) Xustificación acreditativa de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, no epígrafe correspondente, no ámbito municipal, provincial ou nacional.

d) Xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas art. 96 do RD Legislativo 3/2011. O importe da garantía será do 5% do importe da adxudicación, excluído o IVE.

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado este acto sendo as once horas do día do seu comezo.

O PRESIDENTE DA MESA,

A SECRETARIA DA MESA,

(documento asinado electrónicamente á marxe)